

## 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Queridas familias:

Como xa saberedes, debido á ampliación do estado de alarma, os centros educativos contamos con novas instrucións, de xeito que vos deixo unha **listaxe de tarefas** para a semana do 30 de marzo ao 3 de abril. Lembro unha vez máis que estou dispoñible para calquera dúbida/comentario no seguinte enderezo electrónico do centro: **prensasofan@gmail.com**. É importante que en “Asunto” escribades “Para Mariña”, pois é un enderezo que podemos usar todo o profesorado.

Por outra banda, no Blog de 3º e 4º (ao que podedes acceder a través da páxina do centro, na columna da dereita) están colgadas propostas con distintos tipos de actividades coas que se poden entreter e aprender ao mesmo tempo. Nesta ocasión, será necesario entrar no mesmo para realizar algunhas das tarefas:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgandarasofan/node/1494>

Tamén colguei a ligazón ao vídeo co experimento que realizaron os vosos fillos e fillas pouco antes da suspensión das clases e que tiñamos preparado para a semana da ciencia. Espero que vos guste:

<https://www.youtube.com/watch?v=S9uIX6hznm4&feature=youtu.be>

Para rematar, gustaríame repetir que, por necesidade, debemos ser flexibles no que respecta á realización das tarefas, pois, por un lado, os ritmos de traballo dos nenos e nenas non son os mesmos e, polo outro, non todos vós contades cos recursos tecnolóxicos necesarios para realizar algunhas das actividades. Con isto quero dicir que non pasa nada se non se fai algunha actividade, mais si é importante un esforzo por facer o máximo posible.

No que respecta aos libros que aínda tedes no centro, pois nun primeiro momento non contabamos con que este confinamento ía durar tanto, pídivos que non vos preocupedes. Polo de agora, chega co que tedes nas vosas casas e cun acceso a Internet para ir vendo as tarefas a facer. En canto ao 3º trimestre, buscaremos unha solución e xa vos iremos informando, pero adiántovos que moitas das editoriais coas que traballamos permitirán que o alumnado acceda aos libros online. Pasareivos os enlaces en canto os teña todos.

Moitas grazas e mil bicos e apertas para os vosos fillos e fillas, pois bótaselles moito de menos.

### LISTAXE DE TAREFAS PARA REALIZAR DO 30 DE MARZO AO 3 DE ABRIL

#### 1. Matemáticas.

a) PDF coas Actividades de avaliación da Unidade 7.

b) Xogos matemáticos das unidades de medida colgados no blog:

<https://symbaloo.page.link/EX6Q>

## 2. Ciencias Sociais.

a) **Libro.** Páxina 81: exercicio 5 (copiar as respostas numeradas no caderno).

b) **PDF** coas Actividades de avaliación da Unidade 5. Deberán facela unha vez rematados os exercicios do libro (non antes).

## 3. Lingua Galega.

a) **Libro (se algún alumno non ten o caderno, que escriba en calquera outro papel).**

– Páxina 130: exercicios 2 a 8.

– Páxina 131: exercicios 1, 2, 3, 4 e 7.

b) **PDF** coas Actividades de avaliación da Unidade 7. Deberán facela unha vez rematados os exercicios do libro (non antes).

## 4. Lingua Castelá.

**Libro:**

– Páxinas 120 a 122: lectura de “El oro de las montañas” e actividades de comprensión lectora (orais).

– Páxina 123: copiar o recadro amarelo (“Los aumentativos...”) e facer exercicios 8 e 9.

– Páxinas 124 e 125: ler “Los artículos” e facer os exercicios 1, 4 e 5.

– Páxinas 126 e 127: exercicios 1 e 2 (orais), copiar recadro amarelo (“Se escribe guión...”) e facer por escrito os exercicios 3, 4 e 7.

## 5. Ciencias Naturais.

**Blog e PDF con preguntas sobre os vídeos.**

– Visualizar os catro vídeos (“Vídeos Naturais”) relacionados cos seres vivos e coas plantas que están colgados no blog: <https://symbaloo.page.link/Z8Dr>

– Contestar ás preguntas do PDF relacionadas cos vídeos.

\* Quero lembrar que non é necesario imprimir os PDFs. Os nenos poden ir respondendo ás preguntas nos cadernos ou en folios (como sempre, indicando ao comezo de que actividade se trata, e sen necesidade de copiar os enunciados).

Mariña García San León

Titora de 3º de Educación Primaria